

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación Piano Complementario

2023-24.

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



Índice

2.	Introdución.....	3
3.	Atención á diversidade.....	4
4.	Secuenciación do curso.....	5
	4.1 Curso: Terceiro Grao Profesional.....	5
	4.2 Curso: Cuarto de Grao Profesional.....	14
	4.3 Curso: Quinto de Grao Profesional.....	23
	4.4 Curso: Sexto de Grao Profesional.....	32
5.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	41
6.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	41
7.	ANEXOS.....	42
	7.1 Probas de acceso a 4º de grao profesional (Piano Complementario).....	42
	7.2 Probas de acceso a 5º de grao profesional (Piano Complementario).....	44
	7.3 Probas de acceso a 6º de grao profesional (Piano Complementario).....	45



2. Introducción

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de Xuño.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

Para calquera músico que non teña como primeiro obxectivo facer unha carreira de intérprete instrumental (para compositores, directores de orquestra ou de coro, un musicólogos, cantantes, profesores de teoría, etc.) a práctica dun instrumento polifónico é un auxiliar valiosísimo, unha ferramenta de traballo de indubidable eficacia. Así como para os intérpretes de instrumentos monódicos como os de vento, ou dunha capacidade polifónica limitada como os de arco, a aprendizaxe paralela dun instrumento polifónico resulta ser un medio auxiliar de inestimable utilidade incluso para o mellor coñecemento do repertorio específico do seu propio instrumento.

O piano é un instrumento que ofrece unha aprendizaxe relativamente fácil nos inicios, e en canto á amplitude do rexistro, o piano é, para efectos prácticos, equiparable á orquestra sinfónica, e case outro tanto cabe dicir no que se refire a súa riqueza dinámica. Rapidez na emisión do son e axilidade sen máis límite que os que impoña a propia habilidade do executante, son outras cualidades valiosas do piano.

O ensino do piano complementario non se orientará tanto cara ao desenvolvemento dunha grande capacidade técnica, como a potenciar outros aspectos, tales como a percepción global da polifonía, audición interna, habilidade na lectura a primeira vista (incluída unha posible simplificación rápida do escrito, na partitura, etc). Por suposto, convén ter moi en conta que a capacidade de realización ao teclado estará sempre condicionada polo grao de dominio alcanzado na técnica do instrumento, pero é evidente que, neste senso, os niveis que se fixen teñen que estar por debaixo dos que se esixen normalmente ao pianista. Desta maneira poderá

cumprir o piano unha desexable e conveniente función complementaria na educación de todo profesional da música.

3. Atención á diversidade

A atención á diversidade pode considerarse como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Dende o departamento consideramos que esta atención se articulará en base en tres realidades diferentes e a súas posibles adaptacións.

A primeira será a *atención as características particulares das alumnas e alumnos*. A materia de piano impártese individualmente e isto é unha vantaxe moi importante xa que permite que a atención sexa individualizada. O profesorado adaptará a metodoloxía as características particulares da alumna ou alumno coa finalidade de dar a resposta educativa mais axeitada ás súas necesidades específicas.

A segunda será a *atención as discapacidades sensoriais e de mobilidade*. A nosa obriga é proporcionarlle as posibles adaptacións de acceso ao alumnado que lle permita desenrolar con normalidade a actividade lectiva.

E por último e terceira realidade; *patoloxías* (debidamente acreditadas) *que impidan ou dificulten gravemente as actuacións públicas*. O departamento móstrase sensible e coñecedor de que certas patoloxías interfieren naquelas actividades que se realizan en público e supoñen un gran *handicap* para as alumnas e alumnos que as padecen. O titor plantexará actividades alternativas que suplan os concertos e audicións respectando o benestar psicolóxico do alumnado.

4. Secuenciación do curso

4.1 Curso: Terceiro Grao Profesional

4.1.1 Obxectivos

- Adquirir unha correcta posición ante o piano.
- Coñecer as distintas posibilidades do instrumento.
- Desenvolver a técnica básica e os reflexos.
- Interpretar obras cun nivel técnico básico tendo en conta o carácter, estilo e época.
- Desenvolverse con certa soltura no teclado.
- Adquirir práctica na lectura a primeira vista.
- Adquirir coñecementos harmónicos-analíticos elementais.
- Adquirir nocións básicas para a improvisación.
- Desenvolver hábitos correctos de estudo.

4.1.2 Contidos

- Exercicios enfocados a desenvolver a relaxación e posturas axeitadas á execución pianística.
- Diferenciación entre articulacións legato, non legato e staccato
- Fraseo: ligaduras de unión e expresión sobre 2, 3, 4 e 5 notas
- Dinámica: iniciación a Forte e Piano
- Dixitación: acordes básicos, posición fixa, e paso do polgar no eido da oitava.
- Iniciación ao uso do pedal de resonancia.
- Práctica da lectura a vista
- Utilización de cadencias e estruturas formais básicas: I e V.
- Traballo de acompañamento e improvisación:
 - 1. Recoñecemento de acordes maiores e menores no piano.
 - 2. Emprego dos graos I, IV, V e V7 coas súas inversións.

- Realización de estruturas harmónicas de 4 a 8 compases partindo do estado fundamental.
- Emprego das tonalidades ata unha alteración.
- Improvisación con notas reais sobre unha estrutura harmónica dada.
- Improvisación de acompañamentos a unha melodía dada.
- Interpretación de 3 obras cun nivel técnico similar ao recollido no apartado de Recursos Didácticos para este curso.

4.1.3 Avaliación

Criterios de avaliación

- a) Ler fragmentos ou obras a primeira vista conforme os contidos seguidos no curso. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con certo grao de autonomía na lectura dun texto instrumental.
- b) Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual. Este criterio de avaliación pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e con elas desenvolver unha autonomía de traballo que lle permita unha certa valoración do seu rendemento.
- c) Interpretar obras con dominio dos aspectos técnicos básicos traballados no curso. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para utilizar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.
- d) Recoñecer nunha partitura para piano cadencias e estruturas formais básicas. Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos harmónicos e formais adquiridos na análise dunha obra, e chegar así a comprender a súa estrutura.
- e) Realizar estruturas harmónicas conforme aos contidos traballados no curso. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para comprender os conceptos harmónicos básicos e aplicalos ao piano, desenvolvendo unha autonomía no piano que lle permita improvisar acompañamentos e melodías.
- f) Traballar as tarefas postas semanalmente polo profesorado.

Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles veñen descritos na rúbricas que aparecen a continuación no apartado: "procedementos e ferramentas de avaliación". Estes concréntanse por cada un dos criterios de cualificación.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A principio de curso procederase a realizar unha avaliación inicial para determinar o punto de partida sobre o cal establecer a programación específica para cada alumno/a.

Como a avaliación é continua, procederase a facer a avaliación procesual mediante o seguimento do reflectido no procedemento ordinario de avaliación.

A avaliación final farase tendo en conta a consecución dos obxectivos para cada curso.

Aquel alumnado que non acade os obxectivos na avaliación final terá que amosar o seu grao de consecución na convocatoria de Xuño.

As probas de acceso aos diferentes cursos realizaranse de acordo co establecido na programación.

O profesorado disporá das seguintes ferramentas de avaliación:

- Traballo individual do alumnado: segundo o recollido polo profesor no caderno de clase.
- Audicións de aula.
- Rúbricas:

Rúbrica para avaliar a capacidade de estudo individual.

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
Capacidade de estudo individual. <i>Tarefas de clase</i> <i>Obras complementarias</i> <i>Dificultade do repertorio.</i>	-Non resolve (con autonomía) as tarefas encomendadas.	-Con pouca frecuencia realiza (con autonomía) as tarefas encomendadas.	-Habitualmente realiza as tarefas encomendadas.	-Resolve con autonomía, con frecuencia e con eficacia as tarefas encomendadas. -Opcionalmente, prepara obras complementarias.	-Resolve con autonomía, con frecuencia e con eficacia as tarefas encomendadas. -Opcionalmente, prepara obras complementarias ou de maior nivel.

Rúbrica para avaliar o repertorio:

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
Notas: <i>Precisión, dixitación, coordinación.</i>	-Non identifica as notas nin a dixitación sen axuda. -Carece de coordinación.	-Lee as notas con numerosas imprecisións, con moitas dixitacións incorrectas. -A súa coordinación é deficiente.	-Toca as notas de xeito preciso con algúns erros, respectando a maior parte das dixitacións e con certa coordinación.	-Toca as notas cunha notable precisión, respectando as dixitacións e cunha notable coordinación.	-Toca as notas cunha gran precisión, respectando todas as dixitacións e cunha coordinación salientable.
Tempo: <i>Pulso, ritmo, estabilidade, flexibilidade.</i>	-Lee cun pulso e un tempo errático. - imprecisións rítmicas constantes.	-Lee cun pulso inestable, con numerosas imprecisións rítmicas e a un tempo moi afastado do indicado na peza.	-Toca cun pulso bastante estable, con certa precisión rítmica e cun tempo inferior ao indicado na peza.	-Toca cun pulso bastante estable, cunha notable precisión rítmica e a un tempo bastante axustado ao indicado na peza.	-Toca cun pulso estable, cunha gran precisión rítmica e a un tempo flexible e fluído, moi axustado ao indicado na peza.
Estilo: <i>Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal.</i>	-Non identifica dinámicas nin articulacións sen axuda. -O fraseo é inexistente. -Non fai uso do pedal.	-Apenas realiza diferenzas dinámicas e de articulación. -O fraseo non é eficiente. -O uso do pedal é descoordinado.	-Realiza algunhas diferenzas dinámicas e respecta a maior parte das articulacións. -O fraseo é perceptible. -O uso do pedal é bastante coordinado.	-Realiza gran parte das diferenzas dinámicas, respecta os detalles de articulación. -O fraseo é musical pero inconstante -O uso do pedal é coordinado.	-Realiza diferenzas dinámicas e de articulación con gran precisión e control expresivo. O fraseo é musical O uso do pedal é coordinado e preciso.
Interpretación: <i>Expresión musical, seguridade, postura e utilización do corpo, memoria.</i>	-Toca a obra / estudo con numerosas paradas que non resolve. -Cunha notable inseguridade. -Descoida a postura e utilización do corpo. -Non toca de memoria.	- Toca a obra/estudo con numerosas paradas que resolve, con inseguridade. -Descoida a postura e utilización do corpo. -Non toca de memoria.	-Interpreta a obra/estudo con paradas que resolve, con certa seguridade e musicalidade. -Coida con carácter xeral a postura e utilización do corpo. -Toca de memoria con dúbidas.	-Interpreta a obra/estudo con seguridade e cunha capacidade comunicativa notable. -Coida a postura e utilización do corpo. -Toca de memoria con apenas dúbidas que resolve axeitadamente.	-Interpreta a obra/estudo con seguridade, cunha capacidade comunicativa e expresión musical sobresaínte. -Coida a postura, a utilización do corpo e a xestualidade. -Toca de memoria con seguridade.

Rúbrica para avaliar os exercicios de enlaces harmónicos e improvisación.

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
1. ENLACES HARMÓNICOS					
1-1 Estabilidade do pulso.	Realiza os enlaces harmónicos cun pulso moi errático e con continuas paradas.	Realiza os enlaces harmónicos cun pulso inestable e con moitas paradas.	Realiza os enlaces harmónicos con certa estabilidade no pulso, con algunha parada e a unha velocidade lenta.	Realiza os enlaces harmónicos mantendo un pulso estable e unha velocidade moderada.	Realiza os enlaces harmónicos cunha gran estabilidade no pulso e a unha velocidade fluída.
1.2. Corrección na realización dos acordes.	Realiza só algúns dos acordes con bastantes erros de alturas/notas e de dixitación.	Realiza os acordes con bastantes erros de alturas/notas e de dixitación.	Realiza os acordes respectando as alturas/notas e a dixitación pero con algúns erros .	Realiza os acordes respectando as alturas/notas e parte das dixitacións.	Realiza os acordes con fluidez e respectando con precisión as alturas/notas e as dixitacións.
1.3. Corrección na realización dos enlaces.	Realiza os acordes sen enlazalos.	Realiza os enlaces pero sen respectar as pautas indicadas polo docente.	Realiza os enlaces respectando as pautas indicadas polo docente pero con algún erro.	Realiza os enlaces respectando as pautas indicadas polo docente e sen apenas erros.	Realiza os enlaces con precisión respectando as pautas indicadas polo docente.
2. IMPROVISACIÓN (MELODÍA ACOMPAÑADA)					
2.1. Pulso (estabilidade e fluidez)	Realiza os enlaces harmónicos cun pulso moi errático e con continuas paradas.	Realiza os enlaces harmónicos cun pulso inestable e con moitas paradas.	Realiza os enlaces harmónicos con certa estabilidade no pulso, con algunha parada e a unha velocidade lenta.	Realiza os enlaces harmónicos mantendo un pulso estable e unha velocidade moderada.	Realiza os enlaces harmónicos cunha gran estabilidade no pulso e a unha velocidade fluída.
2.2. Corrección na realización de acordes.	Realiza só algúns dos acordes con bastantes erros de alturas/notas e de dixitación.	Realiza os acordes con bastantes erros de alturas/notas e de dixitación.	Realiza os acordes respectando as alturas/notas e a dixitación pero con algúns erros .	Realiza os acordes respectando as alturas/notas e parte das dixitacións.	Realiza os acordes con fluidez e respectando con precisión as alturas/notas e as dixitacións.
2.3. Corrección na realización dos enlaces.	Realiza os acordes sen enlazalos.	Realiza os enlaces pero sen respectar as pautas indicadas polo docente.	Realiza os enlaces respectando as pautas indicadas polo docente pero con algún erro.	Realiza os enlaces respectando as pautas indicadas polo docente e sen apenas erros.	Realiza os enlaces con precisión respectando as pautas indicadas polo docente.
2.4. Diversidade nos recursos melódicos.	Non emprega recursos melódicos durante a execución do exercicio.	Emprega un único recurso melódico durante a execución do exercicio.	Emprega algúns recursos melódicos durante a execución do exercicio.	Emprega recursos melódicos variados durante a execución do exercicio.	Emprega recursos melódicos orixinais e variados durante a execución do exercicio.

Rúbrica para avaliar a lectura a vista.

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
Lectura a primeira vista.	-Lee con continuos erros e paradas.	-Lee cun pulso moi lento e inestable e con moitos erros.	-Lee cun pulso bastante estable pero lento, con algúns erros.	-Lee cun pulso estable, con apenas erros e a un tempo aproximado ao indicado.	Lee cun pulso estable, con apenas erros, a un tempo aproximado ao indicado e realiza algúns matices e articulacións

Criterios de cualificación

1. ESTRUTURAS HARMÓNICAS 35%

1. ENLACES HARMÓNICOS:

1. Estabilidade do Pulso.
2. Corrección na realización dos acordes.
3. Corrección na realización dos enlaces.

2. IMPROVISACIÓN (MELODÍA ACOMPAÑADA)

1. Pulso (estabilidade e fluidez)
2. Corrección na realización de acordes.
3. Corrección na realización dos enlaces.
4. Diversidade nos recursos melódicos.

2. REPERTORIO 35%

1. Notas: Precisión, dixitación, coordinación.
2. Tempo: Pulso, ritmo, estabilidade, flexibilidade.
3. Estilo: Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal.
4. Interpretación: Expresión musical, seguridade, postura e utilización do corpo, memoria.

3. LECTURA A VISTA 20%

4. CAPACIDADE DE ESTUDO INDIVIDUAL 10%

Criterios de cualificación da Convocatoria Extraordinaria de Xuño.

1. ESTRUTURAS HARMÓNICAS 40%

1. ENLACES HARMÓNICOS:

1. Estabilidade do pulso.
2. Corrección na realización dos acordes.
3. Corrección na realización dos enlaces.

2. IMPROVISACIÓN (MELODÍA ACOMPAÑADA)

1. Pulso (estabilidade e fluidez)
2. Corrección na realización de acordes.
3. Corrección na realización dos enlaces.
4. Diversidade nos recursos melódicos.

2. REPERTORIO 40%

1. Notas: Precisión, dixitación, coordinación.
2. Tempo: Pulso, ritmo, estabilidade, flexibilidade.
3. Estilo: Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal.
4. Interpretación: Expresión musical, seguridade, postura e utilización do corpo, memoria.

3. LECTURA A VISTA 20%

1. Precisión e coordinación en notas e dixitación.
2. Adecuación do tempo, ritmo, estabilidade do pulso,
3. Articulación, matices. Pedal.

Redondeo: Dado que na acta de avaliación só poden aparecer números enteiros seguirase o seguinte procedemento para facer o redondeo: se o primeiro decimal é 5 ou superior, a cualificación final será a do seguinte número enteiro.

- *Ex.: Se a nota resultante do proceso de avaliación fose 4'5, a cualificación redondearase a 5, aprobado. Se polo contrario o resultado fose de 4'4 a cualificación final sería dun 4, suspenso.*

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para o alumnado que teña un nivel superior ao do curso no que están, poderase conceder a ampliación de matrícula ao curso superior (sempre que houbera praza vacante). A través do diálogo entre todas as partes implicadas, a saber, profesorado, titores legais e alumnado, buscarase conseguir o maior rendemento escolar posible en cada caso a través dunha planificación axeitada e moi meditada, seguindo os pasos establecidos no protocolo existente no centro para estes casos de ampliación de matrícula.

4.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Cando un alumno/a teña a materia pendente, ou presente problemas de rendemento como consecuencia dunha ausencia prolongada ás clases, o profesorado procurará adecuar o traballo a desenvolver na procura dunha óptima recuperación. Ao tratarse de clases individuais a adecuación das actividades e o seguimento do proceso de recuperación realízanse dun xeito personalizado e non presentan problemas de adecuación de distintos ritmos de aprendizaxe a un mesmo grupo. Estas actividades deberán enfocarse de xeito que resulten atractivas e motivadoras para o alumnado, incorporando medidas que eviten a rutina: elección dun repertorio novo, interpretación de obras a catro mans, etc. En cada avaliación, o alumnado que non consiga aprobar a materia, será informado das tarefas de recuperación que o profesorado considere necesarias. Ao tratarse de clases individuais, o profesorado determinará as actividades de recuperación a seguir, podendo adaptarse de xeito óptimo ás necesidades do alumnado.

Convocatoria extraordinaria de Xuño.

O alumnado que non consiga superar a materia en maio poderá presentarse á proba extraordinaria que se realizará no mes de xuño. As obras e exercicios a realizar na Proba Extraordinaria de Xuño serán notificadas ao alumnado no seu correspondente Informe de Avaliación Negativo entregado xunto co boletín de notas e/ou enviado por Centros-Net.

4.1.5 Recursos didácticos

- "O meu primeiro mestre de piano" de Karl Czerny
- "Estudos fáciles" op. 100 no 1, 3 e 5 de Burgmüller.
- "Estudos facilísimos para piano" op. 151 de Kohler.
- "Álbum da xuventude" de R. Schumann.
- "For children" de B. Bartók.
- "Mikrokosmos" vol. I de B. Bartók.
- "Pezas infantís" op. 27 de Kabalevski.
- "Pezas infantís" op. 39 de Kabalevski.
- "Cuadernos de Adriana" de A. García Abril.

Métodos para piano:

- "Método de Piano Europeo" de F. Ermonts.
- "Piano school" de Suzuki
- "A escola rusa" vol. 1A e 1B de Nikolaev.
- "Método de Piano" vol. I 2 II de Bastien.
- "Método moderno para o piano" vol I e II de John Thompson.
- "Método de Piano Complementario" de Emilio Molina.
- "Piano Complementario" de L. García Vegas.
- Piano práctico de Sanchez Peña.

4.2 Curso: Cuarto de Grao Profesional

4.2.1 Obxectivos

- a) Ampliar e afianzar os contidos adquiridos no curso anterior.
- b) Ampliar o coñecemento do instrumento e o seu manexo.
- c) Aplicar con progresiva autonomía e criterio os coñecementos musicais adquiridos.
- d) Ampliar os coñecementos técnicos e interpretativos na execución instrumental, tendo en conta o carácter, estilo e época das obras.
- e) Adquirir soltura na lectura a primeira vista.
- f) Practicar acordes I-V7-IV-II-VI, e os seus enlaces harmónicos.
- g) Ampliar recursos na improvisación melódica e harmónica.
- h) Ampliar os coñecementos harmónicos e analíticos.
- i) Desenvolver a autonomía no traballo persoal.

4.2.2 Contidos

O Curso cuarto é basicamente un afondamento e unha ampliación dos seguintes puntos:

- a) Ampliación dos coñecementos técnicos: independencia entrámbalas mans a nivel de articulación dinámica e utilización de ritmos máis complexos.
- b) Ampliación das nocións sobre fraseo: ligaduras de acento, definición das frases no discurso musical e respiración entre elas.
- c) Ampliación das dinámicas: mf, mp, ff, pp, sfz, reguladores, dim. e cresc.
- d) Desenvolvemento das nocións de dixitación: ampliación do ámbito en ambas mans, paso do polgar en dúas oitavas.
- e) Perfeccionamento do uso do pedal de resonancia aplicado a unha obra.
- f) Iniciación ao uso do pedal una corda.
- g) Lectura a vista: as dúas claves nas tonalidades abordadas no curso.
- h) Recoñecemento de estruturas formais binarias: A-B.
- i) Traballo do acompañamento e a improvisación:
 1. Utilización dos graos I, II, IV, V, V7, VI, coas súas inversións.
 2. Manexo de tonalidades ata dúas alteracións.

3. Traballo de estruturas harmónicas de ata 8 compases derivadas da combinación posible de acordes partindo da tónica en estado fundamental.
4. Inicio á utilización das notas de paso
5. Improvisación melódica con notas de paso sobre unha estrutura harmónica dada.
6. Improvisación de acompañamentos sobre unha melodía dada.

j) Interpretación de 3 obras cun nivel técnico similar ao referido no apartado de Recursos Didácticos para este Curso.

4.2.3 Avaliación

Criterios de avaliación

a) Ler fragmentos ou obras a primeira vista conforme os contidos seguidos no curso. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para desenvolverse con certo grao de autonomía na lectura dun texto instrumental.

b) Amosar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual. Este criterio de avaliación pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e con elas desenvolver unha autonomía de traballo que lle permita unha certa valoración do seu rendemento.

c) Interpretar obras de progresiva dificultade con dominio dos aspectos técnicos básicos traballados no curso. Este criterio de avaliación pretende comprobar a capacidade do alumnado para utilizar o tempo, a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.

d) Chegar a través da análise á estrutura formal dunha partitura para piano, segundo os contidos traballados no curso. Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para aplicar os coñecementos harmónicos e formais adquiridos na análise dunha obra, e chegar así a comprender a súa estrutura.

e) Realizar estruturas harmónicas conforme aos contidos traballados no curso. Este criterio de avaliación pretende constatar a capacidade do alumnado para comprender os conceptos harmónicos básicos e aplicarlos ao piano, desenvolvendo unha autonomía no piano que lle permita improvisar acompañamentos e melodías.

f) Traballar as tarefas postas semanalmente polo profesorado.

Mínimos esixibles

Os mínimos esixibles veñen descritos na rúbricas que aparecen a continuación no apartado: "procedementos e ferramentas de avaliación". Estes concréntanse por cada un dos criterios de cualificación.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A principio de curso procederase a realizar unha avaliación inicial para determinar o punto de partida sobre o cal establecer a programación específica para cada alumno/a.

Como a avaliación é continua, procederase a facer a avaliación procesual mediante o seguimento do reflectido no procedemento ordinario de avaliación.

A avaliación final farase tendo en conta a consecución dos obxectivos para cada curso.

Aquel alumnado que non acade os obxectivos na avaliación final terán que amosar o seu grao de consecución na convocatoria de Xuño.

As probas de acceso aos diferentes cursos realizaranse de acordo co establecido na programación.

O profesorado disporá como ferramentas de avaliación as seguintes:

- Traballo individual do alumnado: segundo o recollido polo profesor no caderno de clase.
- Audicións de aula, audicións organizadas polo departamento, audicións organizadas polo profesorado, cursiños, intercambios, etc.
- Rúbricas:

Rúbrica para avaliar a capacidade de estudo individual.

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
Capacidade de estudo individual. <i>Tarefas de clase</i> <i>Obras complementarias</i> <i>Dificultade do repertorio.</i>	-Non resolve (con autonomía) as tarefas encomendadas.	-Con pouca frecuencia realiza (con autonomía) as tarefas encomendadas.	-Habitualmente realiza as tarefas encomendadas.	-Resolve con autonomía, con frecuencia e con eficacia as tarefas encomendadas. -Opcionalmente, prepara obras complementarias.	-Resolve con autonomía, con frecuencia e con eficacia as tarefas encomendadas. -Opcionalmente, prepara obras complementarias ou de maior nivel.

Rúbrica para avaliar o repertorio:

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
Notas: <i>Precisión, dixitación, coordinación.</i>	-Non identifica as notas nin a dixitación sen axuda. -Carece de coordinación.	-Lee as notas con numerosas imprecisións, con moitas dixitacións incorrectas. -A súa coordinación é deficiente.	-Toca as notas de xeito preciso con algúns erros, respectando a maior parte das dixitacións e con certa coordinación.	-Toca as notas cunha notable precisión, respectando as dixitacións e cunha notable coordinación.	-Toca as notas cunha gran precisión, respectando todas as dixitacións e cunha coordinación salientable.
Tempo: <i>Pulso, ritmo, estabilidade, flexibilidade.</i>	-Lee cun pulso e un tempo errático. - imprecisións rítmicas constantes.	-Lee cun pulso inestable, con numerosas imprecisións rítmicas e a un tempo moi afastado do indicado na peza.	-Toca cun pulso bastante estable, con certa precisión rítmica e cun tempo inferior ao indicado na peza.	-Toca cun pulso bastante estable, cunha notable precisión rítmica e a un tempo bastante axustado ao indicado na peza.	-Toca cun pulso estable, cunha gran precisión rítmica e a un tempo flexible e fluído, moi axustado ao indicado na peza.
Estilo: <i>Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal.</i>	-Non identifica dinámicas nin articulacións sen axuda. -O fraseo é inexistente. -Non fai uso do pedal.	-Apenas realiza diferenzas dinámicas e de articulación. -O fraseo non é eficiente. -O uso do pedal é descoordinado.	-Realiza algunhas diferenzas dinámicas e respecta a maior parte das articulacións. -O fraseo é perceptible. -O uso do pedal é bastante coordinado.	-Realiza gran parte das diferenzas dinámicas, respecta os detalles de articulación. -O fraseo é musical pero inconstante -O uso do pedal é coordinado.	-Realiza diferenzas dinámicas e de articulación con gran precisión e control expresivo. O fraseo é musical O uso do pedal é coordinado e preciso.
Interpretación: <i>Expresión musical, seguridade, postura e utilización do corpo, memoria.</i>	-Toca a obra / estudo con numerosas paradas que non resolve. -Cunha notable inseguridade. -Descoida a postura e utilización do corpo. -Non toca de memoria.	- Toca a obra/estudo con numerosas paradas que resolve, con inseguridade. -Descoida a postura e utilización do corpo. -Non toca de memoria.	-Interpreta a obra/estudo con paradas que resolve, con certa seguridade e musicalidade. -Coida con carácter xeral a postura e utilización do corpo. -Toca de memoria con dúbidas.	-Interpreta a obra/estudo con seguridade e cunha capacidade comunicativa notable. -Coida a postura e utilización do corpo. -Toca de memoria con apenas dúbidas que resolve axeitadamente.	-Interpreta a obra/estudo con seguridade, cunha capacidade comunicativa e expresión musical sobresaínte. -Coida a postura, a utilización do corpo e a xestualidade. -Toca de memoria con seguridade.

Rúbrica para avaliar os exercicios de enlaces harmónicos e improvisación.

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
1. ENLACES HARMÓNICOS					
1-1 Estabilidade do pulso.	Realiza os enlaces harmónicos cun pulso moi errático e con continuas paradas.	Realiza os enlaces harmónicos cun pulso inestable e con moitas paradas.	Realiza os enlaces harmónicos con certa estabilidade no pulso, con algunha parada e a unha velocidade lenta.	Realiza os enlaces harmónicos mantendo un pulso estable e unha velocidade moderada.	Realiza os enlaces harmónicos cunha gran estabilidade no pulso e a unha velocidade fluída.
1.2. Corrección na realización dos acordes.	Realiza só algúns dos acordes con bastantes erros de alturas/notas e de dixitación.	Realiza os acordes con bastantes erros de alturas/notas e de dixitación.	Realiza os acordes respectando as alturas/notas e a dixitación pero con algúns erros .	Realiza os acordes respectando as alturas/notas e parte das dixitacións.	Realiza os acordes con fluidez e respectando con precisión as alturas/notas e as dixitacións.
1.3. Corrección na realización dos enlaces.	Realiza os acordes sen enlazalos.	Realiza os enlaces pero sen respectar as pautas indicadas polo docente.	Realiza os enlaces respectando as pautas indicadas polo docente pero con algún erro.	Realiza os enlaces respectando as pautas indicadas polo docente e sen apenas erros.	Realiza os enlaces con precisión respectando as pautas indicadas polo docente.
2. IMPROVISACIÓN (MELODÍA ACOMPAÑADA)					
2.1. Pulso (estabilidade e fluidez)	Realiza os enlaces harmónicos cun pulso moi errático e con continuas paradas.	Realiza os enlaces harmónicos cun pulso inestable e con moitas paradas.	Realiza os enlaces harmónicos con certa estabilidade no pulso, con algunha parada e a unha velocidade lenta.	Realiza os enlaces harmónicos mantendo un pulso estable e unha velocidade moderada.	Realiza os enlaces harmónicos cunha gran estabilidade no pulso e a unha velocidade fluída.
2.2. Corrección na realización de acordes.	Realiza só algúns dos acordes con bastantes erros de alturas/notas e de dixitación.	Realiza os acordes con bastantes erros de alturas/notas e de dixitación.	Realiza os acordes respectando as alturas/notas e a dixitación pero con algúns erros .	Realiza os acordes respectando as alturas/notas e parte das dixitacións.	Realiza os acordes con fluidez e respectando con precisión as alturas/notas e as dixitacións.
2.3. Corrección na realización dos enlaces.	Realiza os acordes sen enlazalos.	Realiza os enlaces pero sen respectar as pautas indicadas polo docente.	Realiza os enlaces respectando as pautas indicadas polo docente pero con algún erro.	Realiza os enlaces respectando as pautas indicadas polo docente e sen apenas erros.	Realiza os enlaces con precisión respectando as pautas indicadas polo docente.
2.4. Diversidade nos recursos melódicos.	Non emprega recursos melódicos durante a execución do exercicio.	Emprega un único recurso melódico durante a execución do exercicio.	Emprega algúns recursos melódicos durante a execución do exercicio.	Emprega recursos melódicos variados durante a execución do exercicio.	Emprega recursos melódicos orixinais e variados durante a execución do exercicio.

Rúbrica para avaliar a lectura a vista.

	Non compete (1-2)	Non compete (3-4)	Mínimo Esixible (5-6)	Notable (7-8)	Sobresaínte (9-10)
Lectura a primeira vista.	-Lee con continuos erros e paradas.	-Lee cun pulso moi lento e inestable e con moitos erros.	-Lee cun pulso bastante estable pero lento, con algúns erros.	-Lee cun pulso estable, con apenas erros e a un tempo aproximado ao indicado.	Lee cun pulso estable, con apenas erros, a un tempo aproximado ao indicado e realiza algúns matices e articulacións

Criterios de cualificación

1. ESTRUTURAS HARMÓNICAS 35%

1. ENLACES HARMÓNICOS:

1. Estabilidade do pulso.
2. Corrección na realización dos acordes.
3. Corrección na realización dos enlaces.

2. IMPROVISACIÓN (MELODÍA ACOMPAÑADA)

1. Pulso (estabilidade e fluidez)
2. Corrección na realización de acordes.
3. Corrección na realización dos enlaces.
4. Diversidade nos recursos melódicos.

2. REPERTORIO 35%

1. Notas: Precisión, dixitación, coordinación.
2. Tempo: Pulso, ritmo, estabilidade, flexibilidade.
3. Estilo: Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal.

4. Interpretación: Expresión musical, seguridade, postura e utilización do corpo, memoria.

3. LECTURA A VISTA 20%

- Precisión e coordinación en notas e dixitación.
- Adequación do tempo, ritmo, estabilidade do pulso,
- Articulación, matices. Pedal.

4. CAPACIDADE DE ESTUDO PERSONAL 10%

Criterios de cualificación da Convocatoria Extraordinaria de Xuño.

1. ESTRUTURAS HARMÓNICAS 40%

1. ENLACES HARMÓNICOS:

1. Estabilidade do pulso.
2. Corrección na realización dos acordes.
3. Corrección na realización dos enlaces.

2. IMPROVISACIÓN (MELODÍA ACOMPAÑADA)

1. Pulso (estabilidade e fluidez)
2. Corrección na realización de acordes.
3. Corrección na realización dos enlaces.
4. Diversidade nos recursos melódicos.

2. REPERTORIO 40%

1. Notas: Precisión, dixitación, coordinación.
2. Tempo: Pulso, ritmo, estabilidade, flexibilidade.
3. Estilo: Matices, articulacións, fraseo, forma, pedal.

4. Interpretación: Expresión musical, seguridade, postura e utilización do corpo, memoria.

3. LECTURA A VISTA 20%

Redondeo: Dado que na acta de avaliación só poden aparecer números enteiros seguirase o seguinte procedemento para facer o redondeo: se o primeiro decimal é 5 ou superior, a cualificación final será a do seguinte número enteiro.

○ *Ex.: Se a nota resultante do proceso de avaliación fose 4'5, a cualificación redondearase a 5, aprobado. Se polo contrario o resultado fose de 4'4 a cualificación final sería dun 4, suspenso.*

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para aquel alumnado que teña un nivel superior ao do curso no que está, poderase concederlles a ampliación de matrícula ao curso superior (sempre que houbera praza vacante). A través do diálogo entre todas as partes implicadas, a saber, profesorado, titores legais e alumnado, buscarase conseguir o maior rendemento escolar posible en cada caso a través dunha planificación axeitada e moi meditada, seguindo os pasos establecidos no protocolo existente no centro para estes casos de ampliación de matrícula.

4.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Cando o alumnado teña a materia pendente, ou presente problemas de rendemento como consecuencia dunha ausencia prolongada ás clases, o profesorado procurará adecuar o traballo a desenvolver na procura dunha óptima recuperación. Ao tratarse de clases individuais a adecuación das actividades e o seguimento do proceso de recuperación realízanse dun xeito personalizado e non presentan problemas de adecuación de distintos ritmos de aprendizaxe a un mesmo grupo. Estas actividades deberán enfocarse de xeito que resulten atractivas e motivadoras para o alumnado, incorporando medidas que eviten a rutina: elección dun repertorio novo, interpretación de obras a catro mans, etc. En cada avaliación, o alumnado que non consiga aprobar a materia, será informado das tarefas de recuperación que o profesorado considere necesarias. Ao tratarse de clases individuais, o profesorado determinará as actividades

de recuperación a seguir, podendo adaptarse de xeito óptimo as necesidades do alumnado.

Convocatoria extraordinarias de Xuño.

O alumnado que non consiga superar a materia en maio poderá presentarse á proba extraordinaria que se realizará no mes de Xuño. As obras e exercicios a realizar na Proba Extraordinaria de Xuño serán notificadas ao alumno no seu correspondente Informe de Avaliación Negativo entregado xunto co boletín de notas e/ou enviado por Centros-Net.

4.2.5 Recursos didácticos

- Estudos 2, 4, 6 de "Estudos fáciles op. 100" de Burgmüller.
- Estudos 4, 5, 6, 7, 11 e 16 de "Estudos op. 37" de Lemoine.
- "Álbum de Ana Magdalena" de J. S. Bach.
- Sonatina 1 en Sol M de Beethoven.
- "Álbum para a xuventude" de R. Schumann.
- "For Children" de B. Bartók.
- "Cuadernos de Adriana" A. García Abril.
- Métodos para piano:
- "Método de Piano Europeo" de Fritz Ermonts.
- "Piano School" de Suzuki.
- "A escola rusa" vol 1B de Nikolaev.
- "Método de Piano" vol. III de Bastien.
- "Método moderno para o piano" vol. II de John Thompson.
- "Método de Piano Complementario" de Emilio Molina.
- "Piano Complementario" de L. García Vegas
- "Piano práctico" de Sanchez Peña.

4.3 Curso: Quinto de Grao Profesional

4.3.1 Obxectivos

- Ampliar e afianzar os contidos adquiridos nos Cursos anteriores.
- Perfeccionar o manexo do instrumento.
- Adquirir un grao de destreza na execución pianística que permita enfrontarse ás dificultades técnicas e interpretativas do nivel esixido en dito curso.
- Tomar plena conciencia dos diversos estilos e xéneros musicais no repertorio pianístico para interpretar as obras tendo en conta o carácter, estilo e época.
- Alcanzar rapidez de reflexos na lectura a primeira vista.
- Coñecer o Cifrado Americano no seu nivel máis elemental, como outra alternativa para representar a música cara a improvisación.
- Adquirir progresiva fluidez na improvisación tanto melódica como harmónica.
- Recoñecer elementos harmónicos e formais en partituras de complexidade crecente.

4.3.2 Contidos

O Curso quinto é basicamente un afondamento e unha ampliación dos seguintes puntos:

- a) Ampliación dos recursos técnicos: independencia nos dedos dunha mesma man a nivel de articulación e dinámica; aplicación da técnica adquirida segundo os diferentes estilos e épocas.
- b) Busca a través do fraseo axeitado, das diferentes tensións/distensións musicais, provocadas polo ritmo, harmonía, progresións, articulacións, etc
- c) Adquisición da conciencia do amplo abanico de sonoridades do instrumento, práctica do cantabile.
- d) Aplicación da dixitación a unha obra para piano, tendo en conta as nocións adquiridas.
- e) Emprego do pedal de resonancia con autonomía. Aplicación simultánea dos pedais de resonancia e una corda nunha obra para piano, tendo en conta as nocións adquiridas.
- f) Perfeccionamento da lectura a primeira vista.
- g) Análise de partituras sinxelas para piano: recoñecemento de estruturas ternarias e das cadencias máis comúns: perfecta, imperfecta, rota, plagal e semicadencia.

h) Ampliación das dinámicas: mp, mf, pp, ff, sfz., \leq , dim.

i) Traballo do acompañamento e a improvisación:

1. Emprego dos graos: I, II, III, IV, V, V7 e VI.
2. Manexo de tonalidades de ata 3 alteracións.
3. Realización de estruturas harmónicas de 12 compases ao piano.
4. Traballo das tres posicións do acorde e enlaces harmónicos derivados delas.
5. Utilización de patróns rítmicos de complexidade crecente: corcheas na man esquerda, baixos Alberti en figuracións máis rápidas, maior mobilidade da man dereita cando se acompaña con ambas mans, etc.
6. Inicio o Cifrado Americano: partituras cos acordes básicos dunha tonalidade.
7. Ampliación do uso das notas de adorno: bordaduras, floreos, apoiaturas. Aplicación á improvisación tanto melódica como harmónica.

j) Interpretación de dúas obras cun nivel técnico similar ás expostas no apartado de Recursos Didácticos deste curso.

